



Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Traslados												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rareos												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Limpezas e arados												
Zonas:												

Outras consideracións ⁽⁹⁾

Con respecto aos **participantes**, no plan de explotación figuran **4 embarcacións e 10 tripulantes (5 prazas vacantes)**. As dúas embarcacións que non figuran con respecto a anos anteriores, decaeron do seu dereito a participar no plan de explotación polos seguintes motivos:

- a) A embarcación cambiou o seu porto base fora da Comunidade Autónoma de Galicia, polo que o seu permiso de explotación foi retirado.
- b) A embarcación non ten outorgadas as modalidades de recursos específicos (navalla-longueirón, algas e peneira) para o ano 2008. Agora ben se, de ser o caso, se resolvera favorablemente un recurso de alzada contra a resolución desfavorable da delegación territorial, a embarcación mantería o seu dereito a ser incluída no plan de explotación presentado, xa que o motivo de aceptar a súa exclusión no plan presentado é que non ten renovada a modalidade de peneira no permiso de explotación.

Con respecto á zona de traballo e para evitar solapamentos co plan de peneira das confrarías de Portonovo, Sanxenxo, Raxo, Lourizán, Pontevedra, Marín e Bueu, debe aprobarse nas mesmas condicións que anos anteriores, é dicir de de Punta Couso e Punta Morcegos cara ao interior da ría de Aldán.

Para evitar solapamentos co plan de explotación de peneira de Cangas, cumpre aclarar que o límite é Punta Couso (42º 18,592´ N-8º 51,345 W).

O tope de captura redúcese a 10 kg/embarcación e 5 kg/mergullador/día.

O horario autorizado que corresponde o marisqueo dende embarcación e de 8:00 a 14:00 h, segundo o establecido no artigo 115 do Decreto 423/1993, de 17 de decembro, polo que se aproba o regulamento da actividade pesqueira e das artes e aparellos de pesca permisibles en Galicia.

O informe da actividade de mergullo de data 14.11.2008 é favorable ao mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie sempre que a actividade sexa aprobada á efectos de seguridade polo autoridade marítima correspondente.

Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PESCA

E ASUNTOS MARÍTIMOS

Dirección Xeral de Recursos Mariños

Rúa do Valiño, 63-65 – San Lázaro
15703 Santiago de Compostela
Teléfono 981 544 007 – Fax 981 545 025

control do esforzo pesqueiro, das capturas, e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguemento do banco deberán ser remitidos regularmente á delegación correspondente, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.

-
- (1): Denominación que identifique claramente o plan. Exemplo: plan de cadelucha, plan de moluscos bivalvos, plan conxunto das confrarías de...,
(2): Indicar: autorización ou zonas de libre marisqueo
(3): Indicar: a pé, dende embarcación, mergullo en apnea, con subministro de aire
(4): Indicar en negra o que corresponda
(5): Indicar o número de días para cada mes. Exemplo: 5, 10, 15...
(6): Especificar: Kg/mariscadora/día, kg/tripulante/día, kg/mergullador/día, kg/embarcación/día,....
(7): A autorización para o desenvolvemento destas accións queda supeditada á obtención dos correspondentes permisos
(8): Marcar un X no recadro do mes correspondente
(9): Este apartado corresponderalle cubriro á administración
-